

1.3. Evolución demográfica

O dinamismo económico da economía galega nos dous últimos anos non foi quen de frear a tendencia descendente da poboación empadroada en Galicia, especialmente significativa no caso da poboación potencialmente activa. A devandita tendencia incide no despoboamento, avellentamento e a cada vez menor capacidade de recuperación demográfica en Galicia.

A 1 de xaneiro de 2015, Galicia tiña 2.732.347 residentes, o 5,86% da poboación española, o que significa que na Comunidade Autónoma están empadroados 16.348 persoas menos que no mesmo período do ano anterior. Segundo os datos do padrón municipal de habitantes, este descenso é o segundo máis acusado dende hai quince anos por detrás do rexistrado en 2014. Comparado co que acontece no conxunto do Estado Galicia presenta ata o ano 2010 un incremento da poboación sensiblemente inferior ao de España (sempre por baixo do 0,5% en Galicia) mentres que

dende o 2011 a redución poboacional é máis intensa agás no ano 2014.

Dende xaneiro de 2010 ata xaneiro de 2015 a poboación residente en Galicia descendeu en máis de 65.000 persoas, o que supón unha perda acumulada de 2,3% do total de poboación, mentres que no conxunto do Estado esta perda é do 0,3%. Por outra banda, a poboación potencialmente activa descende no mesmo período de tempo en máis de 105.000 persoas, un 5,7%, o que incide negativamente tanto na evolución do mercado de traballo como na sostibilidade do sistema de prestacións sociais. Asemade, a poboación maior de 64 anos aumenta en 36.199 persoas, pasando a representar o 24% da poboación total en xaneiro de 2015, case dous puntos por riba do rexistrado na mesma data de 2010. Esta negativa evolución demográfica en Galicia intensifícase coa crise económica, cunha redución do número de nacementos e un aumento das saídas cara ao exterior da poboación, en especial

Poboación de dereito nas CC.AA. 2014-15 ⁽¹⁾

	Poboación a 1 de xaneiro 2014				Poboación a 1 de xaneiro 2015				15/14		
	Total	Homes	Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres	Hab./Km2	Total	Homes	Mulleres
Andalucía	8.402.305	4.148.701	4.253.604	95,9	8.399.043	4.144.532	4.254.511	95,9	-3.262	-4.169	907
Aragón	1.325.385	656.964	668.421	27,8	1.317.847	652.687	665.160	27,6	-7.538	-4.277	-3.261
Asturias	1.061.756	507.927	553.829	100,1	1.051.229	502.175	549.054	99,1	-10.527	-5.752	-4.775
Baleares	1.103.442	549.801	553.641	221,0	1.104.479	549.678	554.801	221,2	1.037	-123	1.160
Canarias	2.104.815	1.046.373	1.058.442	282,6	2.100.306	1.043.203	1.057.103	282,0	-4.509	-3.170	-1.339
Cantabria	588.656	286.782	301.874	110,6	585.179	284.788	300.391	110,0	-3.477	-1.994	-1.483
Castela e León	2.494.790	1.232.250	1.262.540	26,5	2.472.052	1.219.616	1.252.436	26,2	-22.738	-12.634	-10.104
Castela-A Mancha	2.078.611	1.043.880	1.034.731	26,2	2.059.191	1.032.673	1.026.518	25,9	-19.420	-11.207	-8.213
Cataluña	7.518.903	3.701.740	3.817.163	234,1	7.508.106	3.691.745	3.816.361	233,8	-10.797	-9.995	-802
C. Valenciana	5.004.844	2.475.081	2.529.763	215,2	4.980.689	2.460.805	2.519.884	214,2	-24.155	-14.276	-9.879
Extremadura	1.099.632	545.616	554.016	26,4	1.092.997	542.078	550.919	26,3	-6.635	-3.538	-3.097
Galicia	2.748.695	1.325.657	1.423.038	92,9	2.732.347	1.317.054	1.415.293	92,4	-16.348	-8.603	-7.745
A Coruña	1.132.735	544.075	588.660	142,5	1.127.196	541.292	585.904	141,8	-5.539	-2.783	-2.756
Lugo	342.748	166.325	176.423	47,1	339.386	164.605	174.781	46,7	-3.362	-1.720	-1.642
Ourense	322.293	155.090	167.203	32,7	318.391	153.043	165.348	32,3	-3.902	-2.047	-1.855
Pontevedra	950.919	460.167	490.752	211,6	947.374	458.114	489.260	210,8	-3.545	-2.053	-1.492
Madrid	6.454.440	3.099.641	3.354.799	797,0	6.436.996	3.087.022	3.349.974	794,9	-17.444	-12.619	-4.825
Murcia	1.466.818	735.889	730.929	129,6	1.467.288	735.434	731.854	129,7	470	-455	925
Navarra	640.790	318.486	322.304	61,7	640.476	317.885	322.591	61,6	-314	-601	287
País Vasco	2.188.985	1.066.369	1.122.616	302,6	2.189.257	1.065.925	1.123.332	302,6	272	-444	716
A Ríoxa	319.002	158.090	160.912	63,2	317.053	156.733	160.320	62,8	-1.949	-1.357	-592
Ceuta	84.963	43.354	41.609	4.471,7	84.263	42.757	41.506	4.434,9	-700	-597	-103
Melilla	84.509	43.075	41.434	6.500,7	85.584	43.593	41.991	6.583,4	1.075	518	557
Total	46.771.341	22.985.676	23.785.665	92,4	46.624.382	22.890.383	23.733.999	92,1	-146.959	-95.293	-51.666
Galicia / España (%)	5,88	5,77	5,98		5,86	5,75	5,96				

(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano
Fonte: INE, Cifras de poboación

1.3.1.

aquela que está na franxa de idade de ter fillos.

Estrutura da poboación

A partir do ano 2010 a poboación empadroada en Galicia descende de xeito continuado ata acadar as 2.732.347 persoas o 1 de xaneiro de 2015, o que supón un 0,6% menos que na mesma data do ano anterior. Dende o comezo da crise económica a Comunidade Autónoma perdeu case 52.000 habitantes (-1,9% menos) o que contrasta co incremento do 1% experimentado no conxunto do Estado. Como consecuencia desta evolución, o peso relativo da poboación residente en Galicia descende dende o 6,03% de 2008 ata o 5,86% de 2015.


Das sete CC.AA. que perden poboación no período 2008-2015, Galicia sitúase como a terceira con maior redución en termos por-

centuais, tras Castela e León e Asturias, e a segunda en perda absoluta de poboación, tras Castela e León. A crise económica favorece a moderación nas reducidas chegadas de inmigrantes a Galicia, así como o aumento das saídas tanto de estranxeiros como de galegos.

No conxunto de Galicia o devandito descenso rexistrado no último ano afecta tanto a homes como a mulleres (-8.603 e -7.745 menos, respectivamente), rexistrándose asemade a mesma tendencia tanto nas catro provincias galegas, con perdas superiores a 5.500 habitantes na provincia de A Coruña e en torno aos 3.900 habitantes menos en Ourense, como na Galicia occidental-costa e no interior (en Pontevedra e Lugo esta redución supera as 3.350 persoas).

Por contra, tan só as comarcas de Santiago

Evolución demográfica 2005-2015 (1): distribución provincial



(1) 2005 = 100
Fonte: INE, Cifras de poboación

1.3.2.

e Ortegal presentan unha medra da súa poboación, rexistrándose este mesmo incremento 45 concellos galegos, dos que 17 pertencen á provincia de A Coruña, 13 a Ourense, 12 a Pontevedra e tres a Lugo.

Historicamente, as perdas de poboación en Galicia concentrábanse nas provincias de Lugo e Ourense, que eran compensadas polos incrementos poboacionais das provincias de A Coruña e Pontevedra. Sen embargo, tal como se observa no **cadro 1.3.2.**, ata o ano 2010 en Galicia (2011 en Pontevedra e A Coruña) mantéñense niveis de crecemento reducidos da poboación que, a partir de ese ano, pasan a ser negativos. Con todo, esta caída non é homoxénea en termos xeográficos, observándose contrastes salientables non só entre as provincias occidentais e as do interior, senón tamén a nivel comarcal e municipal. Dunha banda, a provincia de Ourense é a que rexistra a maior caída en termos relativos, cun descenso medio anual de 1,1% nos últimos catro anos, por diante de Lugo, cun 0,9% e A Coruña e Pontevedra, cun 0,4%. En valores absolutos, o descenso máis acusado rexístrase na provincia de A Coruña, seguido de Ourense nos últimos tres anos.

Por cuarto ano consecutivo o descenso da poboación rexístrase tanto nas comarcas da denominada Galicia occidental-costa (Barbanza, A Barcala, Bergantiños, Betanzos, A Coruña, Eume, Ferrol, Fisterra, Muros, Noia, Ortegal, Santiago, O Sar, Terra de Soneira e Xallas, na provincia de A Coruña; A Mariña Central, Occidental e Oriental, na provincia de Lugo; e O Baixo Miño, Caldas, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo, na provincia de Pontevedra) como na Galicia interior. Como reflicte o **cadro 1.3.3.**, a 1 de xaneiro de 2015 residían nas devanditas comarcas un total de 1.970.674 persoas, 8.037 menos que na mesma data do ano anterior, sendo esta redución superior a 27.000 persoas en relación ao ano 2011. Tendo en conta a maior caída rexistrada no interior, aumenta a concentración da poboación na Galicia occidental costa ata o 72,1%, un punto porcentual superior á rexistrada ao comezo da crise (69,8% no ano 2000).

O 36,2% da poboación galega atópase empadroadada nas sete grandes cidades. A poboación total destas urbes volve a descender respecto á do ano anterior, acadando o 1 de xaneiro de 2015 as 989.936 persoas, case 4.500 menos que na mesma

Poboación residente 2005-15 ⁽¹⁾: distribución provincial, nas 7 grandes cidades e segundo concellos

	2005	2008	2014	2015	Poboación 2015 ⁽²⁾		
					Menores 16 anos	De 16 a 64	65 e máis
					(% sobre poboación)		
Total	2.762.198	2.784.169	2.748.695	2.732.347	12,7	63,3	24,0
A Coruña	1.126.707	1.139.121	1.132.735	1.127.196	12,9	63,8	23,4
Lugo	357.625	355.549	342.748	339.386	10,5	60,9	28,6
Ourense	339.555	336.099	322.293	318.391	10,5	59,2	30,3
Pontevedra	938.311	953.400	950.919	947.374	14,0	64,9	21,0
Galicia occidental costa	1.951.662	1.979.042	1.978.711	1.970.674	13,5	64,5	22,0
Galicia interior	810.536	805.127	769.984	761.673	10,7	60,2	29,1
Sete grandes cidades	987.149	993.124	994.407	989.936	13,5	64,6	22,0
Vigo	293.725	295.703	294.997	294.098	14,0	65,3	20,7
A Coruña	243.349	245.164	244.810	243.870	12,8	63,7	23,5
Ourense	108.358	107.057	106.905	106.231	12,9	62,9	24,2
Lugo	92.271	95.416	98.560	98.134	13,9	65,5	20,6
Santiago de Compostela	92.919	94.339	95.800	95.612	13,4	66,2	20,4
Pontevedra	79.372	80.749	82.946	82.539	15,1	65,9	19,0
Ferrol	77.155	74.696	70.389	69.452	11,8	61,9	26,3
Concellos segundo tamaño							
< 1.000 hab.	10.707	12.230	18.738	19.245	5,1	51,8	43,1
1.001 a 5.000 hab.	467.666	464.649	421.877	414.781	8,0	57,2	34,8
5.001 a 10.000 hab.	437.625	414.773	385.931	392.979	12,1	62,2	25,7
> 10.000 hab.	1.846.200	1.892.517	1.922.149	1.905.342	13,9	65,0	21,1

(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano
(2) datos do padrón
Fonte: IGE, *Cifras de poboación*

1.3.3.

data de 2014. No último ano as sete cidades presentan unha perda da súa poboación, saíntando A Coruña e Ferrol co 940 e 937 habitantes menos, respectivamente. Dende o comezo da crise, o descenso máis acusado prodúcese en Ferrol, con case 5.250 residentes censados menos, o que supón unha caída do 7% entre o 1 de xaneiro de 2008 e 2015 (-0,3% no conxunto das sete cidades e -1,9% en Galicia). Por contra, o incremento máis significativo corresponde a Lugo, cunha medra do 2,8% (2.718 persoas máis), por diante de Pontevedra, cun 2,2% (1.790 habitantes) e Santiago de Compostela, cun 1,3% (1.273 persoas).


Atendendo ao tamaño dos concellos, no conxunto dos 56 municipios galegos que a 1 de xaneiro de 2015 contaban cunha poboación empadroada superior aos 10.000 habitantes residen 1.905.342 persoas, o que supón o 69,7% do total da poboación de Galicia. Ao igual que acontecera no ano anterior, entre o 1 de xaneiro de 2014 e

2015 a poboación residentes nestes 56 núcleos de poboación descende de xeito acusado, sendo esta caída de case 16.800 habitantes no último ano. Con todo, entre os anos 2008 e 2015 estes concellos presentaron unha medra superior ás 14.500 persoas, pasando o seu peso relativo dende o 68% ata os case 70% de 2015 (66,8% no ano 2005).


A desagregación provincial da análise dos datos atendendo ao tamaño dos concellos reflicte non só a redución da poboación empadroada en concellos de máis de dez mil habitantes nas catro provincias galegas, senón tamén a elevada concentración da poboación de Pontevedra nestes concellos. A un de xaneiro de 2015, estes concellos acollen o 82,3% da poboación empadroada na provincia, porcentaxe moi superior á que presentan Lugo e Ourense, co 47,4% e 53%, respectivamente.

A poboación residente nos 27 concellos de

Poboación residente 2005-15 ⁽¹⁾




Poboación residente na Galicia occidental costa e na Galicia interior 2005-15 ⁽¹⁾



(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano
Fonte: IGE, *Cifras de poboación*

1.3.4.

Poboación residente 2005, 2008, 2014 e 2015 ⁽¹⁾: distribución segundo tamaño dos concellos



(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano
Fonte: IGE, *Cifras de poboación*

1.3.5.

menos de 1.000 habitantes descendeu ata as 19.245 persoas (506 menos que no ano anterior), o que representa o 0,7% da poboación galega a 1 de xaneiro de 2015. No comezo da crise económica de 2008, Galicia contaba con 17 concellos cunha poboación residente inferior aos 1.000 habitantes, sendo o seus peso relativo do 0,4% (12.230 persoas). Pola contra, o número de concellos cunha poboación entre 1.001 e 5.000 habitantes descende entre os dous anos considerados ata os 173 concellos (182 concellos en 2008), situándose o número de habitantes en case 415.000 persoas, o 15,2% do total de Galicia (16,7% a 1 de xaneiro de 2008).

Cómpre salientar o elevado peso relativo que na provincia de Ourense ten a poboación residente en concellos con menos de mil habitantes. Dos 27 concellos galegos que a 1 de xaneiro de 2015 contaban con menos de 1.000 habitantes empadroados, 22 son municipios ourensáns, e acollen o 5,2% da poboación da provincia, un 2,6% menos que na mesma data do ano anterior. Se consideramos en conxunto a poboación residente en concellos con menos de 5.000 persoas empadroadas, o 36,1% da poboación de Lugo e o 33,1% no caso de Ourense está empadroada neses concellos, sendo esta porcentaxe do 15,2% en Galicia e tan só 12,6% no conxunto do Estado.

● Composición por idades

A evolución demográfica en Galicia descrita anteriormente, xunto a un saldo vexetativo marcadamente negativo, deriva nunha poboación cunha elevada idade media e con índices reducidos de persoas novas.

A 1 de xaneiro de 2015 a idade media en Galicia ascende a 46,2 anos, fronte aos 42,4 anos de media no conxunto do Estado, situándose como a terceira comunidade con maior idade media superada novamente por Asturias (47,2 anos) e Castela e León (46,5

anos). A idade media das mulleres é superior á dos homes en todas as Comunidades Autónomas, acadando en Galicia en 47,8 anos de media no caso das mulleres e 44,6 anos no dos homes (43,7 e 41,1 anos en España, respectivamente).

As catro provincias galegas presentan unha idade media superior á do conxunto do Estado, salientando Ourense e Lugo, cunha idade media de 49,7 anos e 49,2 anos, respectivamente, tan só superadas por Zamora, con 49,8 anos. As mulleres superan os 51 anos de media en Ourense e os 50 na provincia de Lugo, mentres que no caso dos homes, a idade media sitúase en torno aos 48 anos.

No que respecta á estrutura poboacional por idades, entre o 1 de xaneiro de 2014 e 2015 a poboación residente en Galicia descende en máis de 16.000 persoas debido á caída da poboación menor de 16 anos e, sobre todo, á redución da poboación potencialmente activa (16-64 anos), con 23.459 empadroados menos. Por contra, a poboación maior de 65 anos experimenta unha medra de 7.862 persoas. Tras esta evolución, o 24% da poboación galega supera os 65 anos (18,4% no conxunto do Estado), fronte ao 63,3% da poboación de 16 a 64 anos (65,6%), sendo o 12,7% da poboación residente en Galicia menor de 16 anos (16%). Comparando con outras CC.AA., Galicia é a segunda Comunidade, por detrás de Castela e León, cunha maior porcentaxe de persoas maiores de 65 anos sobre o total de poboación (terceira no caso da poboación maior de 85 anos, sendo o seu peso relativo do 4,0% da poboación total galega).

En relación á perda de poboación nova en Galicia, os datos do Padrón municipal de habitantes reflicten como dende o comezo da crise económica en 2008 o descenso da poboación concéntrase nas persoas cunha idade comprendida entre 16 e 44 anos (**cadro 1.3.7.**), con case 125.000 habitan-



Poboación residente nas CC.AA. 2015 ⁽¹⁾: distribución segundo grupos de idade

	Total	Grupos de idade				
		0-15	16-44	45-64 (%)	>65	>85
Andalucía	8.399.043	17,3	40,0	26,5	16,2	2,1
Aragón	1.317.847	14,9	36,5	27,5	21,0	3,8
Asturias	1.051.229	11,7	33,9	30,4	24,1	4,2
Baleares	1.104.479	16,5	42,2	26,2	15,1	2,0
Canarias	2.100.306	15,3	41,8	28,1	14,8	1,6
Cantabria	585.179	14,4	36,2	29,1	20,3	3,5
Castela e León	2.472.052	12,9	34,0	29,0	24,1	4,7
Castela-A Mancha	2.059.191	16,4	39,1	26,1	18,3	3,3
Cataluña	7.508.106	16,7	38,9	26,3	18,1	2,8
C. Valenciana	4.980.689	16,1	38,5	27,1	18,4	2,4
Extremadura	1.092.997	15,0	37,5	27,6	19,9	3,2
Galicia	2.732.347	12,7	35,4	27,9	24,0	4,0
A Coruña	1.127.196	12,9	35,6	28,2	23,4	3,6
Lugo	339.386	10,5	32,5	28,4	28,6	5,8
Ourense	318.391	10,4	31,7	27,5	30,3	5,8
Pontevedra	947.374	14,0	37,4	27,5	21,0	3,2
Madrid	6.436.996	16,6	40,1	26,5	16,8	2,5
Murcia	1.467.288	18,8	41,2	25,0	15,0	2,0
Navarra	640.476	16,7	37,3	27,1	18,9	3,2
País Vasco	2.189.257	14,9	35,1	28,9	21,1	3,3
A Rioxa	317.053	15,8	36,9	27,4	19,9	3,5
Ceuta	84.263	22,3	42,1	24,6	11,0	1,1
Melilla	85.584	24,3	42,3	23,7	9,7	1,2
Total	46.624.382	16,0	38,6	27,0	18,4	2,8

(1) datos a 1 de xaneiro
Fonte: INE, *Cifras de población*

1.3.6.

Poboación residente 2008-15 ⁽¹⁾: distribución segundo grupos de idade

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Total	2.784.169	2.796.089	2.797.653	2.795.422	2.781.498	2.765.940	2.748.695	2.732.347
0-15	338.550	341.673	343.132	345.355	347.361	348.473	347.700	346.579
16-44	1.115.979	1.108.730	1.094.098	1.075.235	1.049.965	1.022.151	995.169	967.045
45-64	726.778	733.865	740.715	745.355	748.293	755.053	757.781	761.941
> 65	602.862	611.821	619.708	629.477	635.879	640.263	648.045	655.841
> 85	83.479	87.229	90.354	93.599	96.686	99.912	103.885	108.389

(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano
Fonte: INE, *Cifras de población*


1.3.7.

tes menos. O saldo vexetativo negativo e as saídas de poboación minguan considerablemente o grupo de poboación con maiores taxas de fertilidade, o que contribúe a perpetuar o chamado "inverno demográfico" galego.

Fronte á acusada redución do devandito grupo de idade, a evolución dos restantes grupos presentan taxas de variación posi-

vas, sendo o incremento máis acusado no citado período 2008-2015 o experimentado polas persoas maiores de 65, cun 8,8% (29,8% se se considera tan só as persoas maiores de 85 anos). En termos absolutos, o incremento da poboación de 65 ou máis anos é de case 53.000 persoas (preto de 25.000 no caso das persoas maiores de 85 anos) fronte aos 35.163 no caso das persoas entre 45 e 64 anos e por riba dos

Poboación residente 2005-15 (1): distribución segundo grupos de idade



(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano
Fonte: INE, *Cifras de población*

1.3.8.

8.000 no da poboación menor de 16 anos.



A nivel provincial, os datos recollidos no devandito **cadro 1.3.7.** amosan novamente o elevado envellecemento da poboación nas provincias do interior de Galicia. Dunha banda, máis do 30% da poboación de Ourense supera os 65 anos, sendo esta porcentaxe case 20 puntos porcentuais superior ao que representan os menores de 15 anos (10,4%). Na provincia de Lugo, o 28,6% da poboación ten máis de 65 anos fronte aos 10,5% dos menores de 15. Comparado co resto das provincias españolas, Ourense e Lugo son, xunto con Zamora, as que presentan as maiores

porcentaxes de poboación maior de 65 anos e as menores con mozos de 15 ou menos anos. Entre as causas desta negativa evolución están, sen dúbida, os procesos de emigración acumulados nestas provincias (**cadro 1.3.10.**).



A análise da distribución da poboación por grandes grupos de idade e tamaño dos municipios amosa a devandita heteroxeneidade territorial. Dunha banda, mentres que no conxunto de Galicia a poboación que ten máis de 65 anos representa en torno ao 24% (menos do 21,6% nos concellos de máis de 10.000 habitantes), nos municipios máis pequenos máis do 43% da súa poba-

Poboación residente en Galicia e España 2008-15 (1): estrutura segundo grupos de idade

Galicia



España



(1) datos a 1 de xaneiro de cada ano
Fonte: INE, Cifras de población


1.3.9.

ción supera os 65 anos, situándose esta porcentaxe no 34,8% nos concellos cunha poboación entre 1.001 e 5.000 empadronamentos. Por contra, nestes últimos concellos a poboación menor de 16 anos sitúase no 8%, case cinco puntos porcentuais por baixo da rexistrada no conxunto de Galicia (12,7%), mentres que nos municipios de menos de mil habitantes, a porcentaxe redúcese ata o 5,1%. O 59,2% dos concellos galegos teñen menos dun 10% de poboación menor de 16 anos e só un 23% dos concellos galegos superan a media galega.

A tendencia de concentración da poboación na franxa atlántica urbana parece acelerarse nos últimos anos. Así, no período

2008-2015, as comarcas do interior perden case 43.500 persoas mentres que as da costa o fan en case 8.400. Mentres que no interior os tres grupos de idade considerados rexistran unha caída da poboación, na Galicia occidental-costeira a perda poboacional prodúcese no caso da poboación potencialmente activa (72.000 persoas menos), polo que o seu peso relativo descende ata o 64,5% no ano 2015 (60,2% no conxunto das comarcas do interior). A Galicia interior presenta unha poboación máis envellecida, representando as persoas maiores de 65 o 29,1% da súa poboación (22% na costa), en tanto que a poboación nova supón o 10,7% (13,5% na Galicia occidental-costeira).

Poboación 1900-2015: distribución segundo provincia e grupos de idade



Fonte: INE e Aldrey Vázquez, José A. (2014) *Galicia, un país sen xente nova?: tendencias demográficas actuais e futuras*

1.3.10.

Como reflicte o devandito **cadro 1.3.3.**, das sete grandes cidades de Galicia, Pontevedra e Vigo son as que presentan as maiores porcentaxes de persoas menores de 16 anos (15,1% e 14%, respectivamente). As menores porcentaxes no caso das persoas de 65 e máis anos corresponden novamente a Pontevedra e a Santiago de Compostela (19% e 20,4%, respectivamente). Por contra, en Ferrol só o 11,8% da poboación ten menos de dezaseis anos e máis dun 26% supera os 65 anos.

● Movements migratorios

Ata comezos da década de 1980, os saldos migratorios en Galicia foron negativos. Por contra, a partir do ano 1983 e ata o ano 2011 as chegadas de inmigrantes a Galicia

superaban as saídas, rexistrándose novamente a partir dese ano saldos migratorios negativos na nosa Comunidade Autónoma.

A 1 de xaneiro de 2015 en Galicia residían un total de 90.501 estranxeiros, case catro mil persoas menos que no ano anterior, o que supón un descenso do 4,1%, sendo esta caída media novamente inferior á rexistrada no Estado (4,8%). Os datos recollidos no **cadro 1.3.11.** amosan que a poboación estranxeira representa o 3,3% da poboación total residente en Galicia, lonxe do 9,6% que representa a poboación estranxeira no conxunto da poboación estatal, situándose como a segunda Comunidade Autónoma con menor peso relativo de poboación estranxeira, superando tan só a Estremadura (3,1%). Na Comunidade galega están em-

Poboación estranxeira residente en Galicia e España 2015 ⁽¹⁾

	Estranxeiros			Poboación total			Estranx. / total
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
							(%)
Galicia	90.501	46.045	44.456	2.734.656	1.322.014	1.412.641	3,3
A Coruña	31.998	15.570	16.428	1.128.694	543.023	585.671	2,8
Lugo	12.450	6.445	6.005	338.921	164.645	174.275	3,7
Ourense	13.328	6.852	6.476	318.739	153.836	164.903	4,2
Pontevedra	32.726	17.178	15.547	948.302	460.510	487.792	3,5
España	4.454.353	2.254.933	2.199.420	46.449.565	22.826.546	23.623.019	9,6
				(%)			
Galicia / España	2,0	2,0	2,0	5,9	5,8	6,0	
A Coruña / Galicia	35,4	33,8	37,0	41,3	41,1	41,5	
Lugo / Galicia	13,8	14,0	13,5	12,4	12,5	12,3	
Ourense / Galicia	14,7	14,9	14,6	11,7	11,6	11,7	
Pontevedra / Galicia	36,2	37,3	35,0	34,7	34,8	34,5	

(1) datos a 1 de xaneiro

Fonte: INE, *Cifras de población*

1.3.11.

padroados o 2% dos estranxeiros residentes no Estado español, porcentaxe moi inferior ao peso relativo da poboación galega en España.

En termos absolutos, as provincias de Pontevedra, con 32.726 persoas, e A Coruña, con 31.998, son as que teñen unha maior presenza de estranxeiros. Atendendo ao seu peso relativo respecto ao total de poboación, a provincia galega na que máis relevancia teñen os estranxeiros é Ourense, cun 4,2% da súa poboación total, seguida de Lugo co 3,7%. As provincias de Pontevedra e A Coruña, co 3,5% e 2,8% respectivamente, sitúanse tamén preto da media de Galicia.

O forte descenso da poboación residente en Galicia entre o 1 de xaneiro de 2014 e 2015 ven explicado tanto pola caída do número de persoas de nacionalidade española (8.745 persoas menos segundo os datos do INE) como en menor medida, pola redución do número de estranxeiros empadroados en Galicia (3.825 persoas). O devandito descenso apréciase nas catro provincias galegas, sendo máis acusado o que se produce na provincia de A Coruña, con 1.662 estranxeiros menos, seguida de Pontevedra con 1.125 menos.

No que respecta á nacionalidade de orixe dos estranxeiros residentes en Galicia, **cadro 1.3.12.**, do total dos estranxeiros que residen en Galicia a 1 de xaneiro de 2015, o 45,5% procede do continente europeo e un 37,9%, do continente americano, dos que máis de tres cuartas partes procederían de América do Sur. O 11,9% e o 4,8% restantes serían de nacionalidade africana e procedentes de Asia e Oceanía, respectivamente. Comparado coa situación no ano anterior, aumenta case un punto porcentual e medio o peso relativo dos estranxeiros procedentes de Europa, descendendo 1,1 puntos no caso do continente africano.

No mesmo período de tempo aumenta en Galicia o número de residentes procedentes do estranxeiro que dispoñen de nacionalidade española, situándose nas 125.130 persoas. Atendendo á súa distribución segundo continentes, o 68,1% da poboación procedente de América do Sur e residente en Galicia, 55.894 residentes, ten a nacionalidade española, situándose esta porcentaxe no 46,3%, 29.590 persoas, no caso da Unión Europea (agás España).

No que atinxe aos movementos migratorios, no primeiro semestre de 2015 o saldo migratorio exterior rexistra novamente un

Poboación residente 2015 ⁽¹⁾: distribución segundo nacionalidade e orixe


Lugar de nacemento	Poboación		
	Total	Nacionalidade española	non española
	2.734.656	2.644.154	90.502
España	2.523.692	2.519.024	4.668
Resto UE	63.881	29.590	34.291
Resto Europa	19.682	17.490	2.191
África	14.448	3.688	10.761
América			
América do Norte	7.109	5.370	1.739
América Central e Caribe	17.900	11.536	6.365
América do Sur	82.079	55.894	26.185
Asia	5.471	1.317	4.154
Oceanía	393	245	148

(1) datos a 1 de xaneiro

Fonte: INE, *Cifras de población*

● **1.3.12.**

Saldo migratorio externo 2008-15 ⁽¹⁾



(1) os datos de 2015 son provisionais e corresponden ao 1º semestre
Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

● **1.3.13.**

Movements migratorios con terceiros países 2014-15 ⁽¹⁾: distribución segundo nacionalidade e grupo de idade

	2014			2015		
	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio	Inmigracións	Emigracións	Saldo migratorio
Total	8.820	9.139	-319	4.448	4.582	-134
Españóis	1.995	3.447	-1.452	1.063	2.211	-1.148
0-14	187	439	-252	55	284	-229
15-39	351	1.584	-1.233	198	1.019	-821
40-64	747	889	-142	369	574	-205
>65	710	535	175	441	334	107
>85	48	53	-5	34	34	0
Estranxeiros	6.831	5.686	1.145	3.389	2.370	1.019
0-14	1.231	426	805	618	193	425
15-39	3.718	3.354	364	1.898	1.338	560
40-64	1.596	1.749	-153	736	765	-29
>65	286	157	129	137	74	63
>85	35	4	31	16	8	8

(1) os datos de 2015 son provisionais e corresponden ao 1º semestre
Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

● **1.3.14.**

Indicadores demográficos das CC.AA. 2015 ⁽¹⁾

	Poboación a 1 de xaneiro	Saldo migratorio		Crecemento vexetativo	Poboación a 1 de xullo
		exterior	interior		
Andalucía	8.399.618	1.360	-2.330	336	8.398.984
Aragón	1.326.403	-1.460	-465	-1.959	1.322.519
Asturias	1.049.875	-366	-895	-4.133	1.044.481
Baleares	1.124.972	1.104	2.758	382	1.129.216
Canarias	2.126.144	1.075	-413	-343	2.126.463
Cantabria	585.359	-333	-130	-1.044	583.852
Castela e León	2.478.079	-652	-4.462	-7.064	2.465.901
Castela-A Mancha	2.062.767	-1.652	-4.580	-1.632	2.054.903
Cataluña	7.396.991	-109	1.390	252	7.398.524
C. Valenciana	4.939.674	-1.711	269	-2.770	4.935.462
Extremadura	1.091.623	-200	-1.387	-1.961	1.088.075
Galicia	2.734.656	-134	-1.101	-7.130	2.726.291
Madrid	6.385.298	-3.412	11.101	7.863	6.400.850
Murcia	1.463.773	-500	98	1.731	1.465.102
Navarra	636.402	-641	402	-22	636.141
País Vasco	2.165.100	529	748	-2.051	2.164.326
A Ríoxa	313.569	-477	-166	-301	312.625
Ceuta	84.692	26	-471	251	84.498
Melilla	84.570	168	-366	479	84.851
Total	46.449.565	-7.385	-	-19.116	46.423.064

(1) os datos de saldo migratorio son provisionais e corresponden ao 1º semestre
Fonte: INE, *Estadística de migraciones*

1.3.15.

signo negativo mantendo a tendencia iniciada no ano 2012. Como se aprecia no **cadro 1.3.14.**, no primeiro semestre do ano tanto as saídas cara ao resto de España como cara a terceiros países superan ao volume de entradas rexistradas.

No que ás migracións cara terceiros países se refire, no primeiro semestre de 2015 un total de 4.448 persoas procedentes do estranxeiro estableceron a súa residencia en Galicia, en tanto que 4.582 persoas abandonaron a Comunidade Autónoma galega con destino a outros países. Como resultado, o saldo migratorio negativo no primeiro semestre do ano sitúase en 134 persoas, cifra cinco veces inferior á rexistrada no mesmo período do ano anterior.



Segundo os datos de migracións exteriores do INE, o fluxo de entrada en Galicia no primeiro semestre de 2015 componse de 1.061 persoas de nacionalidade española e 3.338 de nacionalidade estranxeira. Doutra banda, das 4.582 persoas residentes en Galicia que marcharon cara a terceiros paí-

ses no primeiro semestre do último ano, 2.210 tiñan nacionalidade española. Deste xeito, o saldo migratorio negativo das persoas de nacionalidade española é de 1.149 e positivo en 1.019 persoas o saldo migratorio das persoas estranxeiras, fundamentalmente polo saldo positivo das persoas procedentes de Sur América e en menor medida, de Centro América e Caribe e do resto da UE.

No que atinxe aos movementos entre comunidades autónomas, o saldo migratorio interautonómico para Galicia é negativo. Os datos provisionais correspondentes ao primeiro semestre de 2015 indican que este é de -1.101 cando no mesmo período do ano anterior foi de -1.190 persoas. O rango de idades cun saldo migratorio interautonómico máis negativo é o comprendido entre 20 e 40 anos (-1.061 persoas menos no primeiro semestre de 2014).

Como reflicte o **cadro 1.3.15.**, xunto ao saldo migratorio negativo cómpre mencionar que Galicia presenta novamente o saldo

Movement natural da poboación 2007-14



Fonte: INE e IGE

1.3.16.

vexetativo negativo máis elevado de todas as CC.AA. A evolución conxunta dos movementos migratorios e do crecemento vexetativo perpetúan o inverno demográfico galego, agravado, entre outros factores, polos mencionados efectos demográficos da crise económica.

Movement natural da poboación

A tendencia descendente da taxa de natalidade e o incremento progresivo da idade media nunha sociedade moi envellecida, condicionan a existencia dun crecemento natural cada vez máis negativo dende o ano

2008, agravado pola emigración de mozos en idade de ter fillos.

O crecemento vexetativo mantívose sempre en valores negativos acadando dende o ano 2008 valores cada vez máis acusados. Os datos recollidos no **cadro 1.3.16.** indican que no ano 2014 (último dato dispoñible) rexistráronse en Galicia case 11.300 defuncións máis que nacimentos, o que sitúa á comunidade galega como a que presenta o segundo saldo vexetativo negativo máis acusado, por detrás de Asturias (-4,7) e cun nivel semellante a Castela e León (-3,8). Os datos definitivos do ano 2014 reflicten un

saldo negativo superior ao do ano anterior (-11.285 fronte a -10.706 do ano anterior), resultado dun descenso do 0,5% no número de nacementos sensiblemente inferior ao rexistrado no caso das defuncións, co -1,7%.

A interdependencia entre natalidade e a xa mencionada estrutura poboacional condiciona a existencia dunha taxa bruta de natalidade en Galicia de 7,17 nacementos por cada 1.000 habitantes. O marcado proceso de recesión demográfica acentúase co mantemento dunha elevada taxa bruta de mortalidade, que no último ano se sitúa en 11 falecidos por cada 1.000 habitantes.

Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos, a taxa de nacementos ten unha evolución positiva no período 2003-2008, acadando neste último ano o seu nivel máis elevado, con 8,4 nacementos por cada 1.000 habitantes. A partir do ano 2008 a taxa de nacementos mantén unha tendencia descendente, situándose no último ano nun nivel similar ao do 2000 (7,17). A taxa de mortalidade en Galicia descende por segundo ano consecutivo situándose lixeiramente por baixo do rexistrado en 2007.

O número de persoas nadas de nai española no ano 2014 redúcese un 0,2% en relación ao ano anterior e un 14,4% dende o ano 2008, pasando de 21.381 a 18.297 nacementos no ano 2014. No caso dos nacementos de nai estranxeira, o descenso respecto ao ano anterior foi de -4,2%, e do 25,7% se se considera o período 2008-2015 (1.794 nacementos en 2008 e 1.333 no último ano). 

